

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2001

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2001 o seu octavo ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

Ó longo do pasada ano, a FUNDACION NOVAS convocou unha nova edición das suas becas e axudas para universitarios. Neste senso, o Padroado da Fundación recibiu varias peticións para acceder a estas becas. Reunido o Padroado no mes de agosto, decidiuse non conceder ningunha nova axuda por non reunir os candidatos as condicións establecidas nas bases da convocatoria. Nesta mesma reunión tomouse o acordó de manter as axuda para Emilio Agulla Lemos e Eloy Gestido de la Torre. O Padroado toma o acordo de incrementar as axudas e conceder unha axuda de 175.000 pesetas para cada un dos becados.

O Padroado da Fundación tamén tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de cincuenta mil pesetas ó Colexio

Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural de San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

ALTA NO PADROADO DA FUNDACIÓN

Nunca reunión celebrada polo Padroado no mes de decembro e a proposta do sr. Presidente, acordouse o nomeamento de D. Francisco León Gómez como Vicepresidente do Padroado da FUNDACION NOVAS. Esta decisión foi justificada polo sr. Presidente para cumprir o desexo tanto del como do fundador D. José Novas Regueira, de contar cun membro da familia León no seo do Padroado. Lembrouse a figura do seu pai, D. Francisco León Álvarez, que finou o 28 de maio de 1999 en Pontevedra, que foi Vicepresidente da nosa entidade e un dos responsables de levar adiante o desexo do noso fundados de crear esta Fundación. O labor do sr. León Álvarez ven de ser recoñecida polo Padroado por ter adicado moito tempo a traballar arreo pola Fundación da cal foi membro fundador.

O sr. León Gómez comunicou a este Padroado que aceptaba integrarse na Fundación, decisión que foi tomada por acordo unánime de todos os asistentes á reunión. Oportunamente, comunicouse a decisión ao Protectorado de Fundacións de

Interés Galego da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Polo tanto, o Padroado da Fundación Novas está composto agora polas seguintes persoas:

Fundador e Presidente de Honra: D. José Novas Regueira

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2001 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado